



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezaeito de xaneiro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL SETE.

David López Goyanes
Jesús Fernández Armesto
José Antonio Álvarez Sánchez
Fernando Parada Veiga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as trece horas do día deza de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, David López Goyanes, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día seis de novembro de dous mil seis.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a seguinte relación de gastos efectuados polo Concello, propono á Xunta de Goberno Local a súa aprobación.

Empresa	Concepto	Importe	
Abeleda Edicións	Publicidade	348,00	348,00
Allianz Ras	Seguro do vehículo B-3506-IJ	350,26	350,26
Arenal Perfumerías	Papel mecha	17,17	17,17

Empresa	Concepto	Importe	
Armando González Álvarez	Materiais de construción para obras	365,40	793,44
	Materiais de construción para obras	428,04	
Avante ingeniería	Suplidos pago de taxas a Industria	138,80	138,80
B.O.P. de Lugo	Inserción de anuncios	23,10	23,10
Bar Amaya	Pinchos homenaxe maratón Ferreirúa	139,20	139,20
Boletín Oficial del Estado	Subscripción anual	228,85	228,85
BricoKing S.L.	Cabaletes e outros	122,94	122,94
C. Estaciones de Servicio, S.A.	Gasolina para rozadoira	5,00	435,00
	Gasolina para rozadoira	10,00	
	Gasolina para segadora	5,00	
	Gasolina para segadora	25,00	
	Gasolina para segadora	27,00	
	Gasolina para segadora	29,00	
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	26,00	
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	27,00	
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	30,00	
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	31,00	
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	33,00	
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	36,00	
	Gasolina vehículo LU-1317-J	26,00	
	Gasolina vehículo LU-1317-J	28,00	
	Gasolina vehículo LU-1317-J	30,00	
	Gasolina vehículo LU-1317-J	32,00	
	Gasolina vehículo LU-1317-J	35,00	
Caixa Renting	Central telefónica	82,62	82,62
CANON	Mantemento de fotocopiadora	15,97	15,97
Carnicería Supermercados Tandy	2 bombonas de butano	24,40	24,40
CASH IFA	Cestas de Nadal concelleiros	510,27	510,27
Centro Talón S.C.	Chaves do concello	3,30	3,30
Chuzos S.L.	Tóner impresoras	54,00	108,00
	Tóner impresoras	54,00	
Código Sport	100 camisetas para o Maratón da Ferreirúa	348,00	348,00
Comarfi S.L.	Disfraces de reis para cabalgata	394,17	394,17
Comercial Conchi	Plástico de 24 m ²	13,92	13,92

Empresa	Concepto	Importe	
Comunicaciones Bergondo	Teléfono Nokia-6131	71,00	71,00
Construciones Pobra S.L.	Acondicionamento da entrada da Cámara Agraria	1.229,60	20.017,60
	Acondicionamento do baixo da Cámara Agraria	4.988,00	
	Obras no colexio	13.800,00	
Correos y Telégrafos	Franqueo correo mes de decembro	235,93	452,84
	Franqueo correo mes de novembro	188,41	
	Tarxetas de Unicef	28,50	
CPU COMPUTERS S.L.	Impresoras e tinta	357,63	357,63
Cuarcitas Pena redonda S.L.	2 viaxes de escollera	580,00	580,00
EDP editores	Libros	398,00	398,00
El Consultor	Subscripción base de datos	728,29	1.241,01
	Subscripción revista	512,72	
El Correo Gallego	Inserción de anuncios	120,64	584,64
	Inserción de anuncios	232,00	
	Inserción de anuncios	232,00	
El Edén del Paladar	Caramelos	292,54	292,54
El Progreso	Inserción de anuncios	168,20	1.060,24
	Inserción de anuncios	168,20	
	Inserción de anuncios	361,92	
	Inserción de anuncios	361,92	
Electricidad Sánchez	Material eléctrico para alumeados públicos	597,34	4.204,42
	Material eléctrico para alumeados públicos	708,67	
	Material eléctrico para alumeados públicos	1.119,84	
	Material eléctrico para alumeados públicos	1.778,57	
Empresa Monforte S.A.	Transporte de alumnos da universidade	998,00	998,00
Ergosaúde	Amoblamento e equipamento do Centro de Día	78.389,72	78.389,72
Espectáculos Espín	Actuación dun dúo en fin de ano	1.322,40	1.322,40
Excavaciones Parada	Traballos para obras do concello	243,60	1.461,60
	Traballos para obras do concello	1.218,00	
Farmacia Manuela Touza	Guantes sanitarios	609,50	609,50
Farmacia Touza	Batas e zocos	835,00	835,00
Ferretería Davila S.L.	Tubarias e outros	608,80	608,80
Ferretería Rivera C.B.	Materiais de ferraxería para o obradoiro	285,97	1.458,93
	Materiais de ferraxería para o obradoiro	376,49	

Empresa	Concepto	Importe	
	Materiais de ferraxería para obras	7,95	
	Materiais de ferraxería para obras	10,08	
	Materiais de ferraxería para obras	18,10	
	Materiais de ferraxería para obras	27,78	
	Materiais de ferraxería para obras	37,12	
	Materiais de ferraxería para obras	42,34	
	Materiais de ferraxería para obras	51,74	
	Materiais de ferraxería para obras	69,49	
	Materiais de ferraxería para obras	92,34	
	Materiais de ferraxería para obras	317,53	
	Materiais de ferraxería para o obradoiro	122,00	
Fisioterapia Lugo S.L.	Servicio para beneficiados da axuda no fogar	5.500,00	5.500,00
Forestal Ventura S.L.	Cadea para motoserra	19,00	19,00
Gas Monforte S.L.	Gasóleo calefacción para o colexio	2.356,00	
	Gasóleo calefacción para o concello	1.767,00	4.123,00
Hermanos París	84 horas de tractor con gravillador	2.923,20	2.923,20
Hipermercado Halley	Material limpeza	5,38	
	Material limpeza	14,58	
	Material limpeza	27,91	47,87
Hormigones la Éstrella	15 m ³ de formigón	870,00	
	94 m ³ de formigón	5.452,00	6.322,00
Ignacio López Quiroga	Proxecto técnico de urbanización das adegas	5.232,00	5.232,00
Imprenta Fénix	Libros	979,60	
	Material de oficina e tríptico	425,72	1.405,32
La Voz de Galicia, S.A.	Inserción de anuncios	127,60	
	Inserción de anuncios	127,60	
	Inserción de anuncios	232,00	487,20
Librería Chus	11 albares para regalo	220,00	
	14 albares para regalo	280,00	
	5 albares grandes para regalo	150,00	650,00
Librería Fénix	Material de oficina	193,22	193,22
Librería Núñez	Material de oficina	16,00	16,00
LINCOLD IBÉRICA S.L.	1.350 Kg. de CIONa	263,88	263,88
Manuel Casanova Castro	Traballos para o Concello	243,60	4.657,40

Empresa	Concepto	Importe	
	Traballos para o Concello	249,40	
	Traballos para o Concello	278,40	
	Traballos para o Concello	406,00	
	Traballos para o Concello	1.682,00	
	Traballos para o Concello	1.798,00	
MAPFRE Seguros Generales	Seguro de responsabilidade civil	4.319,37	4.319,37
MoviStar Empresas	Recibo de 6 teléfonos móbiles de decembro	269,32	
	Recibo de 6 teléfonos móbiles de novembro	296,02	565,34
Olga Quiroga Quiroga	6 ducias de imperdibles	4,80	4,80
Palacios Bus S.L.	Viaxes de autobús	214,00	
	Viaxes de autobús	428,00	
	Viaxes de autobús	2.214,90	2.856,90
Pérez Tesouro	Correa de segadora	94,66	94,66
Peycar Pontevedra S.L.	Equipamento persoal obradoiro	592,46	592,46
Protese S.L.	Cota conexión a central de alarmas	209,15	209,15
Radio Principal S.A.	Publicidade Radiobalón	30,67	
	Publicidade Radiobalón	38,34	69,01
Raúl e Hijos S.L.	Interruptor horario modular	176,83	176,83
Rede Informática e Comunicaci3ns	Aluguer aula informática para Obradoiro	290,00	290,00
Repugal S.L.	Porta CDs redondos	75,40	
	Xoguetes para regalos de reis	467,36	542,76
Restaurante Pacita	Comidas de orde do Alcalde e pinchos	1.656,00	1.656,00
Sigaltec S.L.	Paquete hidráulico	1.557,94	1.557,94
SOGAMA	Tratamento R.S.U. no mes de decembro	1.810,88	
SOGAMA	Tratamento R.S.U. no mes de novembro	2.004,37	3.815,25
Suministros Gallegos S.L.	Alugamentos e portes	81,20	7.482,57
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	29,00	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	52,20	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	53,94	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	112,06	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	183,28	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	729,76	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	754,08	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	756,03	

Empresa	Concepto	Importe	
	Aluguer de equipo para o Obradoiro	2.578,87	
	Materiais para o Obradoiro	11,60	
	Materiais para o Obradoiro	19,08	
	Materiais para o Obradoiro	44,54	
	Materiais para o Obradoiro	55,96	
	Materiais para o Obradoiro	124,42	
	Materiais para o Obradoiro	153,65	
	Materiais para o Obradoiro	1.638,50	
	Portes	34,80	
	Portes	69,60	
Supermercado Amancio e Ana.	Chocolate en po	4,80	4,80
Supermercado Buxán	1 bombona de butano	12,20	
	Un rolo de papel	3,25	15,45
Supermercado RO.EL.MA.	Productos de alimentación, droguería e panadería	46,92	46,92
Taller Mecánico SOMOZA	Aceite e outros vehículo C-0522-AW	309,98	
	Arrancador de batería	301,60	611,58
Talleres Armajo S.L.	Cambio aceite e outros vehículo C-0522-AW	229,47	229,47
Talleres Vidal	Reparación tractor	10,86	
	Reparación tractor	290,66	
	Reparación vehículo 0233-CKP	187,21	
	Reparación vehículo B-3506-IJ	170,66	
	Reparación vehículo LU-4148-F	77,02	736,41
Telefónica de España	ADSL Net-LAN	145,93	4.752,93
	Alta ADSL	213,27	
	Recibo fax 982430361 de decembro	223,37	
	Recibo fax 982430361 de novembro	220,16	
	Recibo fax 982430361 de xaneiro	222,22	
	Recibo teléfono 982430001 de decembro	193,92	
	Recibo teléfono 982430001 de novembro	2.170,30	
	Recibo teléfono 982430001 de xaneiro	205,29	
	Recibo teléfono 982430447 de decembro	193,23	
	Recibo teléfono 982430447 de novembro	199,52	
	Recibo teléfono 982430504 de decembro	116,48	
	Recibo teléfono 982430504 de novembro	116,48	

Empresa	Concepto	Importe	
	Recibo teléfono 982430504 de xaneiro	116,79	
	Recibo teléfono 982430519 de decembro	84,68	
	Recibo teléfono 982430519 de novembro	84,66	
	Recibo teléfono 982430527 de decembro	60,90	
	Recibo teléfono 982430527 de novembro	63,98	
	Recibo teléfono 982430546 de decembro	24,49	
	Recibo teléfono 982430546 de novembro	26,50	
	Recibo teléfono 982430546 de xaneiro	27,72	
	Recibo teléfono taxis 982430158 de decembro	21,52	
	Recibo teléfono taxis 982430158 de novembro	21,52	
Tomas E Otilia	Taller demostración na Feira do Viño	464,00	464,00
Tv7 Monforte	Publicidade	69,60	
	Publicidade	69,60	
Unión Aseguradora S.A.	Póliza de seguro vehículo Lu-1317-J	381,61	381,61
Unión FENOSA Distribución	Subministro eléctrico alumeados públicos	1.680,71	
	Subministro eléctrico alumeados públicos	11.317,50	
	Subministro eléctrico cámara agraria	50,16	
	Subministro eléctrico campo de fútbol	141,72	
	Subministro eléctrico Casa Consistorial	262,01	
	Subministro eléctrico Casa da Cultura	221,85	
	Subministro eléctrico Casa da Cultura	345,78	
	Subministro eléctrico colexio	289,63	
	Subministro eléctrico colexio	350,04	
	Subministro eléctrico servicio de auga	1.665,58	
	Subministro eléctrico servicio de auga	1.941,72	18.266,70
Varela Multiprecio	Xoguetes	42,65	
	Xoguetes	238,50	
	Xoguetes	286,25	567,40
WURTH	Materiais para almacén	114,84	
	Materiais para almacén	305,34	420,18
WURTH, Software y Servicios	Contrato de soporte aplicacións informáticas	239,54	239,54
Xosé Lois López Otero	Asistencia técnica 4º trimestre 2006	2.336,05	2.336,05
Total		204.326,65	204.187,45

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENCIAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Téndose acreditado no expediente instruído ó efecto, mediante certificación final de obra, informe do técnico municipal e da Delegación Provincial de Sanidade da Xunta de Galicia, que por D. Juan Luís Vidal Nogueira con domicilio en A Estación, se teñen cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias para a instalación dun taller mecánico de reparación de vehículos no lugar de Outeiro neste termo, actividade para a que se concedeu licenzia provisional con data de vintenove de maio de dous mil, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder a D. Juan Luís Vidal Nogueira (D.N.I. número 32.319.603-A) Licenzia Definitiva para a instalación e funcionamento dun taller mecánico de reparación de vehículos no lugar de Outeiro neste termo, licenzia que deberá ser expedida pola Secretaría do Concello e servirá ó interesado como documento acreditativo desta concesión.

2.- Autoriza-la conexión dos vertidos da citada actividade á rede de sumidoiros do concello previo o paso dos mesmos por unha arqueta separadora de graxas.

3.- Aproba la liquidación definitiva por importe de mil oitenta e un euros (1.081,00 €) que deberán ter sido ingresados nas arcas municipais para que esta licenzia, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, teña eficacia.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Téndose acreditado no expediente instruído ó efecto, mediante certificación final de obra, informe do técnico municipal e da Delegación Provincial de Sanidade da Xunta de Galicia, que por D^{ña}. Cristina Touza Garma con domicilio en rúa Tomas Vázquez número 11, 1ºF de Monforte de Lemos, se teñen cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias para a instalación e funcionamento dunha Farmacia e Almacén na avenida de José Antonio número 36 parroquia da Pobra do Brollón deste termo, actividade para a que se concedeu licenzia provisional con data de nove de novembro de dous mil cinco, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder a Dna. Cristina Touza Garma, con D.N.I. número 07.548.007-M Licenzia Definitiva para a instalación e funcionamento dunha Farmacia e Almacén na avenida de José Antonio número 36 parroquia da Pobra do Brollón deste termo, licenzia que deberá ser expedida pola Secretaría do Concello e servirá ó interesado como documento acreditativo desta concesión.

2.- Aproba la liquidación definitiva por importe de mil trescentos cincuenta e oito euros con trinta e dous céntimos (1.358,32 €) que deberán ter sido ingresados nas arcas municipais para que esta licenzia, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, teña eficacia.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, e tendo en conta que o expediente estivo exposto ó público por prazo de 20 días mediante a colocación do correspondente edicto no taboleiro do concello, e a súa publicación no diario El Progreso sen que se presentase ningunha alegación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Informar favorablemente, ós efectos do previsto no artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia a solicitude de D. José Antonio Enríquez Rodríguez, con D.N.I. número 34.263.818-M, de licenzia para a instalación dun centro de almacenamento de gas propano en depósito de 6.650 litros para o subministro a granxa avícola na parroquia de Fornelas.

2.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Urbanismo para os efectos previstos no devandito artigo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada, o informe do técnico do concello e o da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{ña}. María Luísa Dacal Reboiro con D.N.I. número 34.215.657-Y para realizar obras de mantemento de fachadas no edificio número 30 da rúa Calvo Sotelo na Pobra do Brollón.

2.- Na execución das obras deberá darse cumprimento as condicións establecidas pola Deputación Provincial e as que no seu informe sinala o técnico do concello.

3.- Esta licencia, que se outorga salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de corenta e nove euros con quince céntimos (49,15 €) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, o informe do Servicio de Estradas da Xunta de Galicia e o do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Fernando Díaz González con D.N.I. número 34.253.608 para a realizar obras de reparación e conservación do edificio número 10 da Avda. de Quiroga, na Estación (referencia catastral (001700900PH31A0001FU).

2.- Na execución das obras deberá darse cumprimento as condicións que no seu informe sinala o Técnico Municipal.

3.- Esta licencia, que se outorga salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de oitenta e un euros con cincuenta e catro céntimos (81,54 €) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:*

<i>Titular</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>María Luísa Vega Camino</i>	<i>34.241.578-Y</i>	<i>LU-5025-O</i>	<i>2007</i>
<i>Julio Souto Corral</i>	<i>02.469.576-C</i>	<i>B-7642-WX</i>	<i>2007</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas así como a documentación adxunta ás mesmas da que resulta que a súa antigüidade é superior ós 25 anos, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Dar de baixa no imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica os seguintes vehículos e con efectos dende o exercicio que se sinala:

Propietario	D.N.I.	Matrícula	Efectos
Paciano Vázquez López	34.143.533-X	LU-1953-C	2007

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- PUNTOS DE LUZ.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Autorizar ós veciños que se relacionan para a colocación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
Yolanda Díaz Morales	1	Requeixo	Piño
María Villa Díaz	1	Requeixo	Piño

2.- Que, rematada-las instalacións, o Concello se fará cargo do consumo, conservación e mantemento delas.

3- Deixar pendentas de estudio as solicitudes dos veciños que se relacionan para a colocación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
José López Díaz	1	Requeixo	Piño
Pedro Rodríguez Rodríguez	2	Pacios de Veiga	A Ferreirúa

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

62.- TARIFAS DO SERVICIO DE AUTOTURISMO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Tralos contactos mantidos cos titulares do servizo de autoturismo do concello, e tendo en conta así mesmo a defensa dos intereses dos usuarios, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobala tarifa de prezos polo servizo de autoturismo no concello da Pobra do Brollón que se sinala a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Destino	Importe	Destino	Importe
Abrence	4,00,	Ferreirúa-Abaixo	3,50,
Pinel	4,50		
Abrence-Frieira	4,00,	Ferreirúa-Arriba	4,50,
Piño	6,00		
Canedo	6,00,	Ferreirúa-Valdolide	4,00,
P. Brollón-San Adrián	3,00		
Canedo-Fonte	7,00,	Fornelas	4,00,
Saa	3,50		
Castroncelos	3,50,	Fornelas Arriba	5,00,
Saa-Busto	13,00		
Castroncelos-Martul	4,50,	Lamaigreja	3,50,

Destino	Importe	Destino	Importe
Saa-Fondorallo	3,00		
Castroncelos-Piñeiros	3,00,	Lamaigreja-Martul	4,50,
Saa-Lebrón	7,00		
Castroncelos-Reguengo	3,50,	Lamaigreja-Recemunde	4,50,
Saa-Lourente	4,00		
Castroncelos-Vilarmao	3,50,	Lamaigreja-Tudriz	3,00,
Saa-Penadexo	8,00		
Castrosante	3,50,	Lamaigreja-Vilar de Peras	3,00,
Saa-Pradelas	9,00		
Cereixa	3,00,	Liñares	7,00,
Saa-San Vitoiro	8,00		
Cereixa Alende	3,50,	Liñares-Covos	8,00,
Saa-Teixeira	9,00		
Cereixa Areas	3,50,	Liñares-Guariz	7,00,
Salcedo	4,50		
Cereixa Rairos	3,50,	Liñares-Santiorxo	6,00,
Salcedo-As Ladeiras	9,00		
Covadelas	8,00,	Lor	6,00,
Salcedo-Beirán	6,00		
Eixón-Alende	5,00,	Óutara	11,00,
Salcedo-Domiz	5,00		
Eixón-Arriba	6,00,	Óutara-Biduedo	9,00,
Salcedo-Provide	5,00		
Estación	3,00,	Pacios de Veiga	5,00,
Santalla de Rei	5,00		
Ferreiros	3,50,	Parada dos Montes	11,00,
Veiga	4,00		
Ferreiros-Forgas	6,00,	P. Montes-Couso	10,00,
Vilachá	10,00		
Ferreiros-Veneira	11,00,	P. Montes-Río de Bois	8,00,
Vilachá-Trasmonte	11,00		

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

7º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O noso concello está incluído na rede Natura 2000 nunha gran parte do seu territorio. É necesaria a divulgación, sinalización, a formación de nenos e xoves favorecendo a realización de actividades, así como a realización de inventarios e estudos técnicos sobre o patrimonio natural e cultural que existe na rede no noso concello. En consecuencia, propono se adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-las actuación a realizar polo concello na divulgación, formación educativa e estudos técnicos no LIC Río Cabe que se resumen a seguir:

<i>Liña</i>	<i>Actuación</i>	<i>Parcial</i>	<i>Total</i>
<i>Divulgación, promoción publicacións e sinalización</i>	<i>Sinalización</i>	<i>1.350,00 €</i>	
	<i>Edición de libro</i>	<i>5.900,00 €</i>	
	<i>Edición de dptico</i>	<i>2.750,00 €</i>	<i>10.000,00 €</i>
<i>Formación educativa, monotorización de actividades e material escolar</i>	<i>Formación educativa</i>	<i>4.700,00 €</i>	
	<i>Monotorización de actividades</i>	<i>3.600,00 €</i>	
	<i>Edición material escolar</i>	<i>1.700,00 €</i>	<i>10.000,00 €</i>
<i>Patrimonio natural e cultural</i>	<i>Inventario e estudos técnicos</i>	<i>10.000,00 €</i>	<i>10.000,00 €</i>
<i>Total xeral</i>			<i>30.000,00 €</i>

2.- Solicitar do Servizo de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 1 de decembro de 2006 (D.O.G.número 241/2006 de 18 de decembro) unha achega polo importe total de trinta mil euros (30.000,00 €) para a financiación das actuacións sinaladas aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na devandita orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se concede a achega.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites previstos no cumprimento deste acordo.

4. Dar conta ó Pleno deste acordo para a súa ratificación no próximo Pleno que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

8º.- CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para poder prever a aparición de incendios forestais neste concello, e vista a proposta de convenio remitido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, propono que se adopte o seguinte acordo:

1.- Asinar un convenio coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para a protección de núcleos rurais no concello de acordo coas cláusulas que figuran a continuación.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellaría do Medio Rural e o Concello de Pobra do Brollón (A) para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais en faixas de especial protección co obxecto de protexer especialmente o espazo rural e os núcleos de poboación fronte a estes sinistros.

SEGUNDA. Traballos a realizar

O concello comprométese á realización de traballos preventivos que diminúan a carga e a contividade do combustible vexetal, mediante a xestión de biomasa existente nas faixas de especial protección, contribuíndo así a diminuír o risco de propagación de incendios forestais e a minimizar os danos causados por estes sinistros.

Os traballos consistirán principalmente na realización de desbroce a feito e selectivo (mecanizado ou manual), respectando as especies vexetais protexidas pola lexislación vixente e os cultivos agrícolas.

Estas actuacións abranguerán polo menos unha franxa de 25 metros arredor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais, eléctricas ou infraestructuras de transporte, situadas a menos de 400 metros do monte.

Este tipo de traballos quedará condicionado, en todo caso, a que non existan problemas de erosión na zona.

Seguirase, en todo caso, o protocolo que figura como anexo deste convenio.

TERCEIRA. Medios utilizados para a realización das tarefas preventivas.

A Entidade Local colaboradora poderá realizar as tarefas de prevención sinaladas no presente acordo con medios propios ou mediante a externalización do servizo con empresas do sector ou empresas públicas. En todo caso, comprométese pola súa conta a ter a maquinaria utilizada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.

CUARTA. Zonas de actuación prioritaria. Identificación e delimitación.

O esforzo das actuacións contempladas no presente convenio debe priorizarse manexando criterios que atendan a riqueza do patrimonio forestal existente, a factores de risco potencial de incendios e á vulnerabilidade do territorio.

Neste senso priorizaranse as actuacións nas Parroquias de Especial Risco (PER) localizadas no concello, segundo a relación publicada no DOG do 19

de xullo de 2005 mediante a Orde do 12 de xullo.

Tamén terán prioridade aquelas parroquias que atendendo a criterios de riqueza forestal e histórico de incendios sexan determinadas consonte o establecido na cláusula cuarta do Acordo Marco asinado entre a FEGAMP e a Consellaría do Medio Rural en data 28 de decembro de 2006.

QUINTA. Coordinación nos trabados de protección

En función dos criterios recollidos na cláusula anterior, os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de Actuación presentado polo concello, que deberá estar en concordancia con Plan de Prevención do Distrito Forestal, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula oitava do convenio. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra polo técnico competente da Consellaría do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos.

SEXTA. Solicitudes e execución dos traballos

As actuacións a desenvolver nas faixas de especial protección poderá desenvolverlas o Concello, a iniciativa propia, ou ben previa solicitude do propietario.

Os propietarios solicitantes beneficiados por esta actuación preventiva deberán colaborar economicamente na porcentaxe que determine o Concello.

SÉTIMA. Contratación de persoal polo concello

En caso de contratar persoal para estes traballos, este dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e, en ningún caso, terá ligazón laboral coa Xunta de Galicia.

O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do in-

cumprimento das súas cláusulas.

OITAVA. Seguimento do Convenio

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Delegado Provincial da Consellaría do Medio Rural, un representante do concello e o Xefe do Distrito Forestal.

NOVENA. Dotación orzamentaria

Ao financiamento destas actuacións contribuirá a Consellaría do Medio Rural, o Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) e os propietarios onde se realicen os traballos.

No que se refire á Consellaría do Medio Rural, as accións previstas neste convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-C. 760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Realizaranse estas actuacións alomenos en dez núcleos de poboación e nun máximo de 45 hectáreas subvencionables.

A achega máxima anual da Consellaría do Medio Rural será de TRINTA E CAIRO MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO MIL EUROS (34.875 €) a razón de 775 €/ha. A esta achega da Consellaría engadirase a que, no seu caso, aporten os propietarios solicitantes de acordo co sinalado na cláusula 6ª

DÉCIMA. Pagamentos

A) A Consellaría do Medio Rural procederá ao libramento das achegas do seguinte xeito:

- Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellaría, mediante resolución motivada do Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 16.dous.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:*
- Nomes dos responsables do manexo da maquinaria e especificación do responsábel e número de teléfono de contacto.*
- Matrícula da maquinaria, con especificación de que cumpre coas obrigas administrativas.*
- En caso de contratación de persoal: Nome do persoal contratado con especificación do responsábel e número de teléfono de contacto e matrícula do vehículo todoterreo utilizado no seu caso, con especificación do cumprimento de todas as obrigas administrativas que correspondan (ITV, pólizas de aseguramento, etc.)*
- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade. No caso de non ter ningunha outra axuda, deberase presentar unha declaración de que so se percibe o importe deste convenio para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro do 1999, DOG n° 236, do 9 de decembro do 1999).*

Comunicación de inicio das actuacións preventivas, asinadas por autoridade ou funcionario municipal competente.

B) Para proceder ó pagamento final do convenio, deberase enviar a seguinte documentación, ao remate deste:

Por parte do concello:

- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade; no caso de non ter ningunha axuda, deberán presentar unha declaración de que so se percibe este importe para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, DOG n° 236 do 9 de decembro de 1999).*
- Certificación expedida polo órgano competente do concello do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto. (Artigo 15.2 c do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma*

ma de Galicia).

- *No caso de non terse acollido ó primeiro pagamento, deberase enviar a documentación á que fai referencia o apartado A) desta cláusula.*

Por parte da Consellaría:

- *Certificación expedida por un técnico do Distrito Forestal no que se enmarque o concello, da execución das obras realizadas conforme ao disposto na cláusula segunda, especificando os núcleos de poboación onde se traballou e o número de hectáreas realizadas en cada un deles.*

O prazo de presentación da documentación rematará:

- *No caso do primeiro pagamento: ao mes contado a partir do inicio do convenio.*
- *No caso do derradeiro pagamento: 30 de xuño.*

DÉCIMO PRIMEIRA. Actuacións de comprobación do inversión

O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellaría do Medio Rural e as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO SEGUNDA. Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO TERCEIRA. Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellaría do Medio Rural.

DÉCIMO CUARTA. Interpretación

A Consellaría do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.

DÉCIMO QUINTA. Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula novena procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, nos casos do artigo 78.10 da Lei Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia.

O presente convenio manterá a súa vixencia máxima ata o día 30 de xuño de 2007, sen prexuízo de que, en caso necesario e por causa xustificada poida ser prorrogado por mutuo acordo entre ambas partes.

ANEXO I

PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DA BIOMASA NA FAIXA DE 25 metros

A xestión de biomasa arredor de calquera edificación, urbanización, obras e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte farase atendendo ao seguinte procedemento :

1.- Asegurar que as parcelas incluídas na faixa de especial protección se atopen libres de vexetación accesoria á masa principal e coa masa arbórea rareada coas seguintes condicións :

- Desbroce na faixa de 25 metros de toda biomasa arbustiva e sub-arbustiva.*
- As masas arbóreas de especies caducifolias plantadas na citada faixa deben estar rareadas e, como máximo, coas copas tanxentes e a unha distancia mínima do lindeiro da parcela edificada de 10 metros. Exceptúanse do cumprimento da distancia mínima antes sinalada as carballeiras e soutos consolidados e as árbores senlleiras catalogadas.*
- Eliminación, na faixa de 25 metros, das especies arbóreas indicadas na seguinte relación :*
 - a) Piñeiro*
 - b) Acacia*
 - c) Eucalipto*

2.- Manter libres de vexetación arbustiva e sub-arbustiva os viais de titularidade pública e privada, así como as gabias comprendidas na faixa de 25 metros.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as trece horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a cinco de xuño de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinteito de febreiro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTEITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL SETE.

David López Goyanes
Jesús Fernández Armesto
Fernando Parada Veiga

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as once horas e trinta minutos do día vinteito de febreiro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, David López Goyanes, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro José Antonio Álvarez Sánchez.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día catorce de novembro de dous mil seis.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Aproba-la certificación única da obra do Plan de Obras e Servicos de 2005 "rehabilitación da antiga casa de camiñeiros para centro sociocultural en Labrada de Lor" por un importe de cincuenta e tres mil cincocentos noventa e un euros con setenta e un céntimos co detalle que se indica:

<i>Entidade</i>	<i>Fondos propios</i>	<i>Préstamo B.C.L.</i>	<i>M.A.P.</i>	<i>Total</i>
<i>Concello</i>	<i>21.436,69</i>			<i>21.436,69</i>
<i>Deputación</i>	<i>10.718,34</i>			<i>10.718,34</i>
<i>Estado</i>			<i>21.436,69</i>	<i>21.436,69</i>
<i>Total</i>	<i>32.155,03</i>		<i>21.436,69</i>	<i>53.591,72</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a seguinte relación de gastos efectuados polo Concello, propoño á Xunta de Goberno Local a súa aprobación.

Empresa	Concepto	Importe	
Allianz	Seguro do vehículo LU-2996-N	565,07	565,07
Amencere	1 coroa de flores	107,00	107,00
Arl. Licastro S.L.	Viguetas, bovedillas e ferro	38,74	38,74
BELFOGA	Colocación de arcadas luminosas para Nadal	2.412,80	2.412,80
C. Estaciones de Servicio, S.A.	Gasóleo	51,00	197,70
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	35,00	
	Gasolina vehículo B-3506-IJ	35,00	
	Gasolina vehículo LU-1317-J	30,00	
	Gasolina vehículo LU-1317-J	38,00	
	Paquete de algodón	8,70	
Cacharriños	Adornos de Nadal	82,62	82,62
Caixa Renting	Central telefónica	82,62	82,62
Calorogar S.L.	2 bombonas de butano para campo de fútbol	23,60	23,60
CAMPSA	Gasóleo vehículo 0233-CKP	50,00	50,00
CANON	Mantemento de fotocopiadora	271,03	271,03
Cogaim Ingenieros S.L.	Levantamento topográfico polígono industrial	2.644,80	2.644,80
Coluciones Globales S.L.	Renovación dominio en internet	232,00	232,00
Correos y Telégrafos	Franqueo correo mes de xaneiro	115,54	115,54
CPU COMPUTERS S.L.	Cartuchos para impresoras e tóner	379,84	727,84
CPU COMPUTERS S.L.	Instalación e configuración de ordenadores	348,00	
Editorial Planeta	Libros e gravadora	1.620,00	1.620,00
EDP editores	Libros	398,00	1.264,00
	Libros	866,00	
El Progreso	Subscripción trimestral	86,39	86,39
Espectáculos Espín	Actuación dun grupo na Casa da Cultura	1.044,00	1.044,00
Factorías Fernández	Antena radio en Pinel	209,67	209,67
Ferretería Cancela	Cinta perforada	4,70	4,70
Ferretería Rivera C.B.	Materiais de ferraxería para obras	16,12	351,67
	Materiais de ferraxería para obras	31,67	
	Materiais de ferraxería para obras	303,88	
Gas Monforte S.L.	Gasóleo calefacción para o colexio	2.160,00	3.780,00
	Gasóleo calefacción para o concello	1.620,00	
Gráfica de Asturias	Materiais de oficina	196,97	196,97
La Voz de Galicia, S.A.	Subscripción anual	319,00	319,00
Laboratorios de Biotecnología S.A.	AE 603	352,47	352,47

Empresa	Concepto	Importe	
Leonides Dacal Castro	Telas para cabalgata	52,00	52,00
Librería Fénix	Libros	197,65	197,65
Maderas Castro S.L.	0,081 m ³ de piñeiro roxo	28,18	28,18
MAPFRE Mutualidad	Seguro vehículo C-0522-AW	559,98	559,98
MoviStar Empresas	Recibo de 6 teléfonos móbiles de xaneiro	313,38	313,38
Nova Galicia Edicións S.L.	Libros	468,00	468,00
Radio Principal S.A.	Publicidade Radiobalón	30,67	30,67
Raúl e Hijos S.L.	Cobre e grampas de conexión	52,26	52,26
REPSOL YPF	2.000 m ³ calefacción colexio	1.667,99	1.667,99
Repugal S.L.	Bandeiras	371,20	1.245,84
	Bandeiras e escudos	526,64	
	Chaveiros	348,00	
Restaurante Hostal Pacita	Comidas de orde do Alcalde	76,40	76,40
Senén Prieto Ingeniería, S.L.	Proxecto técnico	3.403,85	3.403,85
SOGAMA	Tratamento R.S.U. no mes de xaneiro	1.896,98	1.896,98
Suministros B.P.C. S.L.	Parafusos e roscas	16,23	16,23
Supermercado Buxán	Productos de limpeza	37,80	37,80
Talleres Armajo S.L.	Aceite e outros vehículo C-0522-AW	177,01	177,01
Talleres Vidal	Reparación motobomba	32,48	218,66
	Reparación vehículo B-3506-IJ	186,18	
Telefónica de España	Cota abono ADSL	192,21	1.995,55
	Recibo ADSL febreiro Cámara Agraria	84,99	
	Recibo ADSL febreiro Casa Cultura	92,44	
	Recibo fax 982430361 de febreiro	221,32	
	Recibo teléfono 982430001 de febreiro	214,43	
	Recibo teléfono 982430447 de febreiro	225,38	
	Recibo teléfono 982430447 de xaneiro	188,26	
	Recibo teléfono 982430504 de febreiro	116,79	
	Recibo teléfono 982430519 de xaneiro	84,99	
	Recibo teléfono 982430527 de febreiro	432,99	
	Recibo teléfono 982430527 de xaneiro	61,21	
	Recibo teléfono 982430546 de febreiro	36,66	
	Recibo teléfono taxis 982430158 de febreiro	21,94	
Recibo teléfono taxis 982430158 de xaneiro	21,94		
TV7 Monforte S.A.	Publicidade	69,60	69,60

Empresa	Concepto	Importe	
Unión FENOSA Distribución	Subministro eléctrico alumeados públicos	3.066,38	5.873,60
	Subministro eléctrico Casa da Cultura	430,11	
	Subministro eléctrico colexio	317,06	
	Subministro eléctrico servicio de auga	2.060,05	
WURTH	Materiais para almacén	196,06	196,06
WURTH, Software y Servicios	Contrato de soporte aplicacións informáticas	3.391,84	3.391,84
Total		38.749,76	38.749,76

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENCIAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{ña}. María Luísa Ofelia Valcarcel González con D.N.I. número 34.230.332-F para a construción dun alpendre de 14 m² na rúa A Penela número 7, na parroquia de Salcedo.

2.- Na execución das obras deberá dar cumprimento as condicións que no seu informe sinala o técnico do concello.

3.- Esta licencia, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de setenta euros con setenta e dous céntimos (70,72 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{ña}. Emilia Villa López con D.N.I. número 37.181.006 para a reparación dun muro de pedra e tela metálica nun longo de 21 metros da finca situada no polígono catastral 9, parcela 1.331 no lugar de Requeixo, na parroquia de Piño.

2.- Na execución das obras deberá dar cumprimento as condicións que no seu informe sinala o técnico do concello.

3.- Esta licencia, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cincuenta e dous euros con cincuenta céntimos (52,50 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- PUNTOS DE LUZ.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Autorizar ós veciños que se relacionan para a colocación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
Ramón González Fernández	1	Ferreirúa de Abaixo, 12	Ferreirúa

2.- Que, rematada-las instalacións, o Concello se fará cargo do consumo, conservación e mantemento delas.

3- Deixar pendentes de estudio as solicitudes dos veciños que se relacionan para a colocación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
José López Díaz	1	Requeixo	Piño
Pedro Rodríguez Rodríguez	2	Pacios de Veiga	A Ferreirúa

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

5º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Taller Mecánico SOMOZA	Cambio de aceite e outros vehículo C-0522-AW	501,44	501,44
Talleres Armajo S.L.	Reparación vehículo C-0522-AW	332,65	332,65
Talleres Vidal	Reparación segadora e tractor	700,85	851,15
	Reparación vehículo LU-2996-N	150,30	
Teatro Volta e Dalle	Actuación teatral	140,00	140,00
Total		40.088,72	40.088,72

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENCIAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, o informe do Técnico Municipal a autorización da Dirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia, e tendo en conta que pola Dirección Xeral de Urbanismo se resolveu a aprobación do solo de núcleo rural da Estación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. David López Goyanes con D.N.I. 76.616.233-Q para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Empalme na Estación da Pobra do Brollón na marxe dereita da estrada Lu-653 (polígono catastral 35, parcela 2).

2.- *Na execución das obra deberá darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do arquitecto municipal e na autorización da Dirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de dous mil catrocentos cincuenta e dous euros con noventa e sete céntimos (2.452,97 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal, e tendo en conta que o expediente foi sometido a información pública por prazo de 20 días sen que se presentase reclamación algunha, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Informar favorablemente a solicitude presentada por D^{na}. María de los Ángeles Feireiros Fernández con D.N.I. número 34.257.006-R para a construción de silos forraxeiros no lugar de Lourente, parroquia de Saa (polígono catastral 73, parcela 348).*

2.- *Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para os efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal, e tendo en conta que o expediente foi sometido a información pública por prazo de 20 días sen que se presentase reclamación algunha, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Informar favorablemente a solicitude presentada por Cerámicas del Miño, Carmen Ubeira y Cía. S.L. con N.I.F. número B-36.001.857 para unha explotación mineira na parroquia de Piño.*

2.- *Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para os efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- *Autorizar a Dna. María Dolores Pérez Mazaira con D.N.I. número 34.146.487-C para a rehabilitación de cuberta do edificio número 12 do lugar de Valdolide, parroquia da Ferreirúa (referencia catastral, 002301200PH3160001YG).*

2.- *Na execución das obra deberá darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do arquitecto municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de cento vintedous euros con sesenta e oito céntimos (122,68 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, o informe do técnico municipal e a autorización da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. José Franco Castro con D.N.I. número 34.240.745-R para a canalización e evacuación de augas da parcela 1098 no polígono catastral 67 no lugar de Fondorrallo, parroquia de Saa cruzando a estrada C.P. 47-07, da Pobra do Brollón por Saa á Cásela, no P.K. 1.*

2.- *Na execución das obra deberá darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do arquitecto municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.*

3.- Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de cento cinco euros con tres céntimos (105,00 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada, o informe do técnico municipal e a autorización da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a Unión Fenosa Distribución S.A. con N.I.F. número A. 82.153.834 representada por D. José García Pazos con D.N.I. número 33.188.486-S para a canalización de rede de baixa tensión no lugar de Tudriz, parroquia da Lamaigreja cruzando a estrada C.P. 47-01, da Pobra do Brollón por Parada dos Montes a Folgoso do Caurel*

2.- *Na execución das obra deberá darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do arquitecto municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.*

3.- Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de cento dezasete euros con noventa e un céntimos (117,91 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista solicitude da interesada e o informe do técnico municipal, e tendo en conta que o expediente estivo exposto ó público por prazo de 20 días mediante a colocación do correspondente edicto no taboleiro do concello, e a súa publicación no diario El Progreso sen que se presentase ningunha alegación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Informar favorablemente, ós efectos do previsto no artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia a solicitude de D^{na}. María Dolores Martínez Vázquez, con D.N.I. número 76.616.221-R, de licencia para a construción dun almacén para forraxe na parroquia de Pinel, lugar de Cabo.*

2.- *Remitir o expediente á Dirección Xeral de Urbanismo para os efectos previstos no devandito artigo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- PUNTOS DE LUZ.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Autorizar ós veciños que se relacionan para a colocación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

2.- Que, rematada-las instalacións, o Concello se fará cargo do consumo, conservación e mantemento delas.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
María López Díaz	1	Requeixo	Piño
Adoración Fernández González	1	Fondorallo	Saa
Antonio Páez Parada	3	Ferreiros	Ferreiros
José López Díaz	1	Requeixo	Piño

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude de D. Pedro Rodríguez Rodríguez de colocación de dous puntos de luz no Lugar de Pacios de Veiga, parroquia de Ferreirúa, e tendo en conta que nos emprazamentos propostos non é necesaria a instalación de alumado público por tratarse un dunha traseira dunha casa sen acceso por ela á vía pública e a outra dun camiño no que non hai vivendas no lugar proposto, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Non autorizar a colocación de dous puntos de luz no lugar de Pacios de Veiga solicitados por D. Pedro Rodríguez Rodríguez polos motivos indicados.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude de D. Germán Vega Vega de colocación dun punto de luz no Lugar de Areas, parroquia de Cereixa, e tendo en conta que no emprazamento proposto non é necesaria a instalación de alumado público xa que logo a casa a que poidese afectar xa está iluminada por outro e máis adiante non hai vivendas nas proximidades, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Non autorizar a colocación de dous puntos de luz no lugar de Areas solicitados por D. Germán Vega Vega polos motivos indicados.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas así como a documentación adxunta ás mesmas da que resulta que a súa antigüidade é superior ós 25 anos, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Dar de baixa no imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica os seguintes vehículos e con efectos dende o exercicio que se sinala:

Propietario	D.N.I.	Matrícula	Efectos
Jesús Álvarez Rodríguez	34.255.629-G	LU-5010-F	2008
Antonio Pérez Quiroga	34.145.529-M	M-0986-DW	2008
Raimundo Macía Díaz	34.250.408-F	LU-4252-F	2008
Manuel Rivera Arias	34.245.739-G	LU-7033-E	2008

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

6º.- BADOS PERMANENTES.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude presentada pola interesada propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Autorizar a instalación dun bado permanente no baixo do edificio da rúa José Antonio 69 solicitado por D^{na}. Clavelina Arcos Lorenzo con D.N.I. número 34.247.256-A.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o padrón da Taxa de entrada de vehículos a través das beirarrúas para dous mil sete, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Aproba-lo padrón da Taxa de entrada de vehículos a través das beirarrúas para dous mil sete por un importe total de vinte un euros con sesenta e seis céntimos (21,66 €)

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinteúnha horas do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinteoito de novembro de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de setembro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL SETE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as trece horas do día vinte e sete de setembro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ALUMEADOS PÚBLICOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a situación do alumeado público da rúa "travesía nova da rúa José Antonio", propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la instalación do Alumeado Público na Travesía Nova da Rúa José Antonio cun orzamento total de vinte e oito mil setecentos setenta e oito euros con oitenta e nove céntimos (28.778,89 €).*

2.- *Solicitar do Instituto Enerxético de Galicia da Consellería de Innovación e Industria ó abeiro da Resolución de 26 de abril de 2007 unha achega para dita inversión por importe de once mil cincocentos once euros con cincuenta e seis céntimos (11.511,56 €).*

3.- *aceptar integramente as condicións establecidas na citada orde e a que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a achega.*

4.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a situación do alumeado público da rúa "área recreativa de Saa", propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la instalación do Alumeado Público na Área Recreativa de Saa cun orzamento total de vintenove mil catrocentos dezaseis euros con trinta e oito céntimos (29.416,38 €).*

2.- Solicitar do Instituto Enerxético de Galicia da Consellería de Innovación e Industria ó abeiro da Resolución de 26 de abril de 2007 unha achega para dita inversión por importe de once mil setecentos sesenta e sete euros (11.767,00 €).

3.- aceptar integramente as condicións establecidas na citada orde e a que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a achega.

4.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

Titular	D.N.I.	Matrícula	Efectos
Luís Besteiro Núñez	34.146.739-L	LU-3755-P	2008

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas así como a documentación adxunta ás mesmas da que resulta que a súa antigüidade é superior ós 25 anos, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Dar de baixa no imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica os seguintes vehículos e con efectos dende o exercicio que se sinala:

Propietario	D.N.I.	Matrícula	Efectos
José Docasar Mendoza	34.146.709-N	LU-5217-P	2008

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

En sesión de once de setembro a Xunta de Goberno Local acordou a baixa no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica do LU-7033-E propiedade de D. Manuel Rivera Arias por superar a antigüidade de 25 anos e con efectos de 2008.

O propietario presenta escrito no que solicita a devolución do importe satisfeito por dito imposto no ano 2006 alegando que foi matriculado en maio de 1980.

O imposto citado se rende con efectos de un de xaneiro de cada ano natural, e pola natureza da exención de que se trata ten que ser rogada pola imposibilidade de que o concello poda coñecer tódolos vehículos ós que correspondería a exención.

Non sendo a data de antigüidade un dato imprevisible para o titular do vehículo, debe este solicitar con antelación á data de rendición do imposto, sendo a inactividade do titular una renuncia tácita do seu dereito sen que poda a posteriori reclamar dereitos que non exerceu pola súa propia vontade. Consonante co anterior propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Rexeita-la solicitude de D. Manuel Rivera Arias con D.N.I. número 34.245.739-G de devolución do importe abonado polo Imposto sobre vehículos de tracción mecánica no exercicio de 2006 correspondente ó LU-7033-E.

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito do interesado, e considerando que a situación se debe a un erro dos servizos do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Ter en conta o solicitado por D. José Castiñeira Defente con D.N.I. número 34.261.019-N e polo tanto modificar a clasificación do vehículo C-3047-BG de turismo a vehículo mixto adaptable con efectos do presente exercicio.

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENCIAS.

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente tramitado a instancia de D^{na}. Ana María Martínez Parada con D.N.I. número 34.258.122-J, veciña da Pobra do Brollón, e con domicilio en Santalla de Rei, que solicita a regulamentaría licenza municipal para a ampliación dunha nave avícola no lugar de Couto, parroquia de Santalla de Rei deste termo (parcela 388 do polígono catastral 7), e

Resultando: Que admitido a tramite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

Resultando: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, este organismo, con data dezaioito de setembro de dous mil sete informa en sentido favorable, cualificando dita actividade como molesta, insalubre e nociva.

Resultando: Que o lugar do emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas ou acordos municipais sobre o particular.

Considerando: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais de aplicación.

Considerando: Que a Xunta de Goberno Local ten por delegación a competencia para outorgala licenza solicitada, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Concede-la Licencia Provisional que se solicita.

2.- Deberanse cumprir-las observación e medidas correctoras que no seu informe sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e no informe do técnico do concello, así como as indicadas na autorización da dirección Xeral de Urbanismo.

3.- Non se poderá empeza-lo exercicio da mencionada actividade ata a concesión da licenza definitiva, para o que é indispensable o levantamento da acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, a que terá que ser favorable, acompañando á solicitude o certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza.

4.- Esta licenza que se outorga salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pagamento previo da cantidade a que ascenden as taxas e impostos municipais segundo liquidación practicada pola intervención municipal por un importe total de catro mil sete euros con oitenta e un céntimos (4.007,81 €).

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- CESIÓN DO USO DUN TERREO PARA A INSTALACIÓN DUN PIEZÓMETRO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito 47.124/2007 de 20 de setembro da Confederación Hidrográfica do Norte, e tendo en conta que a instalación que se pretende é de interese para o concello pola importancia dos datos que permite recoller, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar á Confederación Hidrográfica do Norte a ocupación de xeito transitorio, mentres dure a execución das obras dunha extensión aproximada de 200 m² para a construción dun sóndeo na parcela urbana propiedade do concello de referencia catastral 1925601PH3112N0001QK, no lugar de Outeiro.

2.- *Autorizar a ocupación durante un período de trinta anos, prorrogables ó seu remate dun espacio de 4 m² no que estará situado o sonda e a súa arqueta de protección.*

3.- *O acceso, por quen designe a Confederación ata o recinto interior para realizar as medidas ou toma de mostras necesarios, así como os traballos de reparación ou mantemento.*

4.- *Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- ADQUISICIÓN DUN TRACTOR CON APEIROS PARA O SERVICIO DO CONCELLO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello precisa dun novo tractor para a realización de diversos traballos, especialmente para roza-las beirarrúas dos camiños e traballos de prevención de incendios forestais. Consonte co anterior propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Proceder á adquisición dun tractor con apeiros con destino os servizos do concello.*

2.- *Aproba-los pregos de condicións técnicas que figuran no anexo do convenio coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, así como o prego de condicións económico administrativas para a súa adquisición polo procedemento negociado.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as trece horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dez de xaneiro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,

JOSÉ SOUTO QUIROGA, SECRETARIO EN FUNCIONES DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día dez de outubro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...Borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local do Concello o día dez de outubro de dous mil sete.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dez de outubro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece a Concelleira María Montserrat Macía Quiroga.

Asiste como Secretario en funcións, José Souto Quiroga, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- CONTA DE GASTOS.

+ Vista a xustificación, mediante as seguintes facturas: número 5 de data 20 de Setembro de 2007 da empresa ROAL MONFORTE C.B., por importe de catro mil catrocentos setenta e cinco euros con seis céntimos (4.475,06 €); número 6 de data 26 de Setembro de 2007, da empresa ROAL MONFORTE C.B., por importe de seis mil setecentos doce euros con sesenta céntimos (6.712,60 €); número 107 de Ángel López Olmo (Pinturas Ángel), por importe de dous mil setenta e seis euros con corenta céntimos (2.076,40 €) e número 108 de Ángel López Olmo (Pinturas Ángel), por importe de catro mil douscentos trinta e cinco euros con noventa e catro céntimos (4.235,94 €), dos gastos realizados para realización de melloras na Casa Cultura, Cámara Agraria e Casa Consistorial, por un importe total de dezasete mil cincocentos euros (17.500,00 €), subvencionada pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, coa cantidade de catorce mil euros (14.000,00 €), por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Nos últimos anos o Concello conta cunha persoa contratada como técnico local de emprego subvencionado pola Xunta de Galicia. A importancia dos traballos que desenrola aconsellan que unha vez máis se renove dito servizo. Na liña establecida pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, compre nesta ocasión dispor dun axente de emprego e desenvolvemento local. En consecuencia propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto de funcionamento no Concello da Pobra do Brollón do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.*

2.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 9 de agosto de 2007 da (D.O.G. número 162/2007 de 22 de agosto) una subvención por importe do 80% dos custos do

proyecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- *Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellería.*

4.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

5.- *Dar conta deste acordo ó Pleno do Concello na seguinte sesión que celebre para a súa ratificación.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- CAMBIO DE VEHÍCULO DE AUTOTURISMO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o correspondente expediente propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. José Augusto Quintiaes Alves, con D.N.I. vixente número X-0256625-Z, titular da licenza clase B) autoturismo número 5, para substituír o vehículo actualmente adscrito a mesma, matrícula LU-2.444-V por un novo coas seguintes características:

<i>Matrícula</i>	<i>5329FWD</i>
<i>Marca</i>	<i>OPEL</i>
<i>Modelo</i>	<i>VECTRA</i>
<i>Bastidor</i>	<i>WOLOZCF6981008840</i>
<i>Nº. de prazas</i>	<i>5</i>

2.- A presente licenza se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dez de outubro de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vintetrés de outubro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTETRÉS DE OUTUBRO DE DOUS MIL SETE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as trece horas e trinta minutos do día vintetrés de outubro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día dezasete de xullo de dous mil sete.

2º.- CONTA DE GASTOS.

Este asunto se deixa pendente de estudio.

3º.- LICENCIAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico do concello, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. José Ramón Méndez Quiroga con D.N.I. número 34.259.840-Y para o cerramento dunha finca nun longo de 568,18 m. no lugar de Vilar de Peras, parroquia de Lamaigreja xunto ó camiño do Val (parcelas 122 e 123 do polígono catastral 65).

2.- Na execución das obras deberá de darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do técnico municipal.

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de douscentos oitenta e dous euros con cincuenta e tres céntimos (282,53 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar ó Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo con N.I.F. número S-6.500.007-G representado por D. Juan Castro Insua para a demolición dunha edificación e rehabilitación e ampliación dun alpendre existente no lugar de Finca Robles, parroquia de Veiga (referencia catastral 000101100PH31E0001OB, 000100600PH31E0001FB e 000100200PH31E0001OB).

2.- Na execución das obras deberá de darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do técnico municipal.

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de novecentos vintetrés euros con vintenoventa e oito céntimos (923,29 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a de Carbalho con N.I.F. número X-7.578.164-D representado por D. Marco Aurelio Martins Cabeço para a reparación e conservación dunha vivenda existente no lugar de O Pereiro número 4, parroquia de Salcedo xunto á C.P. 4701 da Pobra do Brollón por Parada dos Montes a Folgoso do Caurel (referencia catastral 27047A080000800001DA).

2.- Na execución das obras deberá de darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de cento corenta e seis euros con sesenta e oito céntimos (146,68 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, a autorización do Servicio de Estradas de Lugo e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Alfonso Vilela Jurjo, con D.N.I. número 34.219.362-P para a apertura dun foxo e colocación de tubos e remate dos mesmos para a canalización de augas na marxe esquerda da estrada LU-933, P.Q. 11,200, de Monforte a A Rúa no lugar de A Estación, parroquia de Cereixa.

2.- Na execución das obras deberá de darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do técnico municipal e na autorización do Servicio de Estradas de Lugo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de douscentos trinta e nove euros con cincuenta e dous céntimos (239,52 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a Dna. Rosa Aurelia Vila González con D.N.I. número 34.215.493-A para a rehabilitación da cuberta dunha vivenda existente no lugar de Telo número 9, parroquia de Canedo (referencia catastral 002104100PH32A0001GQ).

2.- Na execución das obras deberá de darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do técnico municipal.

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de douscentos cincuenta e sete con sesenta e oito céntimos (257,68 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Ovidio Carballeda Álvarez con D.N.I. número 34.240.556-L para a rehabilitación da cuberta dunha vivenda existente na rúa Calvo Sotelo 30, na Pobra do Brollón (referencia catastral 2129514PH3122N0001MX).

2.- Na execución das obras deberá de darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de noventa e sete con cincuenta e catro céntimos (97,54 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a Dna. Dolores Caneda Pérez con D.N.I. número 34.233.041-W para a rehabilitación da cuberta dun almacén na granxa de pavos situada no lugar de Rechao, xunto ó camiño da Pobra a Vilariño na Pobra do Brollón (parcela 972 do polígono catastral 66).

2.- Na execución das obras deberá de darse estricto cumprimento ás condicións indicadas no informe do técnico municipal.

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo ingreso nas arcas municipais da liquidación por importe de cento vintecatros con sesenta e oito céntimos (124,68 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- RECOÑECEMENTO DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS E GANDEIRAS EXISTENTES ANTES DO 1 DE XANEIRO DE 2003.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude presentada polo interesado, a súa documentación complementaria, que cumpre os requisitos sinalados na Circular 1/2003 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (D.O.G. número 150/2003 de 5 de agosto) e o informe do técnico municipal, propoño á Comisión de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1.- *Recoñece-la existencia antes do día un de xaneiro de 2003 da explotación agrícola ou gandeira que se sinala e formada polos elementos que se citan para os efectos da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.*

Titular	Ángel Varela López
Emprazamento	A Frieira
Descrición	Planta baixa da vivenda destinada a cortes cunha superficie de 230m ² .
	Edificación destinada a cortes cunha superficie en planta baixa de 161 m ² .
	Edificación destinada a galiñeiro cunha superficie en planta baixa de 80 m ² .

	Edificación destinada a alpendre cunha superficie en planta baixa de 26 m ² .		
	Edificación destinada a foxo de zurro cunha superficie en planta baixa de 40 m ² .		
	Edificación destinada a palleira cunha superficie en planta baixa de 142 m ² .		
	Edificación destinada a gardar maquinaria cunha superficie en planta baixa de 93 m ² .		
C.E.A.	27.047.00145	D.N.I.	34.241.898-G
Referencia catastral	27047A040000390000SM	Polígono	Parcela

2.- Este recoñecemento faise só para os efectos da Lei citada, sen prexuízo da necesidade de contar coas demais licencias e autorizacións que sexan esixibles.

3.- Aproba-la liquidación por importe de cento setenta e nove euros con corenta e un céntimos (179,41 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- EQUIPAMENTO DEPORTIVO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de concesión de achega da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para equipamento deportivo ó abeiro da orde de 24 de abril de 2007, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la memoria valorada da dotación de equipamento deportivo redactada polo arquitecto municipal.

2.- Proceder á adquisición dos elementos incluídos na mesma de acordo cos procedementos de contratación legalmente vixentes.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as catorce horas do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dez de xaneiro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trinta de outubro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL SETE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as oito horas e trinta minutos do día trinta de outubro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a factura que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la factura 66/2007 de Código Sport S.L. por importe de tres mil trescentos sesenta e cinco euros con dezaseis céntimos (3.365,16 €) correspondente á dotación de equipamento deportivo subvencionado pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 24 de abril de 2007.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a factura que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la factura 51/2007 de Quiroga Estudios Gráficos por importe de mil quince euros (1.015,00 €) correspondente ó programa de normalización da lingua galega subvencionado pola Consellería de Presidencia e Administracións Públicas da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 24 de abril de 2007.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito 020.672/2007 de 24 de setembro da Dirección Xeral de Urbanismo, e a situación actual dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e a súa financiación, propoño, por mor de urxencia, á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Acollerse ó establecido na disposición transitoria da Orde de 20 de abril de 2007 (D.O.G. número 79/2007 de 24 de abril pola que se regula a concesión de achegas ós concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.*

2.- *Renunciar expresamente ás cantidades pendentes de libramento da axuda actualmente vixente.*

3.- *Solicitar da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia o abeiro do establecido na orde citada unha nova achega para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Pobra do Brollón nos termos establecidos na citada orde aceptando integramente as condicións de financiación establecidas nela e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a achega.*

4.- *Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- ADQUISICIÓN DE UN TRACTOR CON APEIROS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente para adquisición dun tractor e a proposta realizada pola mesa de contratación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

